Nº 27
10/01/2018

Deputación DA CORUÑA

Boletín de Medio Ambiente

Praia de Ares

Concello: Ares

Características: é a segunda praia canina da Coruña, o concello habilitou un pequeno tramo da gran praia urbana do municipio para gozar da praia xunto ás mascotas. Trátase dunha pequena praia de fina area branca e ondada tranquila, ideal para que os cans póidanse refrescar sen problema.

Curiosidades: no caso de ir á praia con mascota hai que ter en conta unha serie de normas, entre elas destacan recoller os seus excrementos; levar a cartilla de vacinas da mascota ao día e a máis importante, os cans deben estar atados con correa.

Noticias

Adeus ás bolsas de plástico gratis

Ao longo do ano 2018 prevese a entrada en vigor dunha lei que obriga a cobrar entre 5 e 30 céntimos por cada bolsa de plástico que entregue un comercio.

Un proxecto de real decreto do Goberno, aínda en tramitación, incorporará ao ordenamento xurídico español a directiva europea 2015/720 para reducir o consumo de bolsas de plástico en toda a UE mediante medidas como a cobranza dun prezo mínimo por cada unha delas.

Fonte: La Voz de Galicia

O *bitcoin*, a moeda virtual do futuro, consome máis enerxía que 159 países

Unha transacción con *bitcoin* consome 275 kW/h de electricidade, o equivalente a que unha lámpada de 100 watts estea acesa 10 horas. E o seu consumo de enerxía anual está case nos 30 tW, o cal equivale ao 0,13% do consumo de enerxía mundial ao ano, e máis enerxía da que consumen 159 países do mundo. É dicir que, si o *bitcoin* fose un país ocuparía o lugar 61 no mundo en termos de consumo eléctrico.

Fonte: Ecoosfera

A ‘mini gamba’ que axuda a combater o cambio climático

O kril antártico, é un crustáceo parecido ao camarón, que está a acelerar o transporte de carbono atmosférico ás profundidades oceánicas.

Mantense preto da superficie para alimentarse das algas microscópicas que conforman o fitoplancto e, posteriormente, descende ás profundidades mariñas varias veces durante a noite para evitar aos depredadores, deixando alí as súas feces. Así, contribúe a mellorar os modelos de transferencia do carbono que se dan nas profundidades mariñas.

Fonte: La Vanguardia

Estos 2 alimentos producen desastres ecolóxicos

Trátase de alimentos comúns que se atopan habitualmente nas nosas despensas e dos que polo xeral non sospeitamos que poidan producir danos ao medio ambiente: as fresas e o embutido.

Huelva é un dos grandes centros produtores e exportadores de fresas no mundo, e especialmente en Europa. A forte demanda está a forzar a adquirir novas terras para este monocultivo de regadío, que precisa de grandes cantidades de auga. Pola súa situación próxima a Doñana, o aumento do cultivo da fresa é perigoso posto que os acuíferos que nutren Doñana están a secarse.

A maior parte de produción de embutido en España concéntrase en Cataluña, pero xunto a grandes empresas que aplican estritos controis ás súas verteduras, conviven numerosas pequenas explotacións que se estenden polo territorio sen evitar a liberación de excrementos aos acuíferos. En 2016, o defensor do pobo catalán alertou nun informe que o 41% das augas freáticas (subterráneas) de Cataluña están contaminadas por nitratos, no seu maior parte procedentes da vertedura de xurros.

Fonte: El Diario

1.400 novas especies ameazadas en 2017

En 2017 o número de especies animais e vexetais ameazadas alcanzou unha nova marca, e agora alcanza o 30% das especies que a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) examina para realizar a súa Lista Vermella.

Os pangolíns, os koalas, os cabalños de mar e os insectos voadores únense a unha lista que contén xa 25.800 especies. No ano 2016, a Lista Vermella contiña 24.000 especies, polo que nun só ano 1.800 especies máis se atopan ameazadas.

A entidade ambiental advirte que os insectos polinizadores pronto poderían empezar a escasear en Europa a causa do uso masivo de pesticidas na agricultura, en Alemaña a presenza de insectos voadores diminuíu nun 75% en 27 anos.

O informe, doutra banda, mostra esperanzas polo aumento de tartarugas mariñas nalgunhas rexións, o nacemento de cinco panteras persas e nove golfiños do Mékong.

Fonte: ABC

Sabías que...

arroxar polo fregadero ou o inodoro aceite usado propicia as pragas, provoca atascos nas tubaxes e encarece os procesos de depuración das augas residuais?

Numerosos municipios dispoñen de colectores específicos nos que depositar recipientes plásticos con aceite usado, que unha vez reciclado utilízase fundamentalmente para producir biodiésel e xabóns. Un quilo deste residuo doméstico pode transformarse en entre 0,92 e 0,97 quilos de biodiésel.

Boas Prácticas

Alemaña convirte unha antiga mina de carbón nunha batería xigante

Unha mina de carbón explotada durante 50 anos, situada nas concas mineiras de Renania do Norte, transformarase nunha central hidroeléctrica de bombeo cunha capacidade de 200 megawatts, capacidade suficiente para abastecer de enerxía limpa a 400.000 fogares sen cortes. Isto asegurarase ao instalar paneis solares e aeroxeradores para aproveitar a luz solar e a forza do vento.

A batería xigante almacenará enerxía mediante o bombeo de auga continua entre dous cámaras, unha superior e unha inferior conectadas a través de tubaxes con turbinas. Durante os períodos de alta demanda de electricidade, a enerxía almacenada poderá ser utilizada pola liberación da auga almacenada desde a cámara superior a través das turbinas e na cámara inferior.

Fonte: Science Alert

Bruxelas convértese nunha nova zona ambiental

A medida que o problema da contaminación atmosférica vai adquirindo cada vez máis relevancia en Europa, cada vez son máis as cidades que establecen zonas ambientais.

O 1 de xaneiro, a capital belga estableceu unha extensa zona ambiental que abarcará toda a rexión metropolitana cos seus 19 municipios. Antes de entrar na zona, os titulares de vehículos deberán rexistrarse de forma permanente nunha base de datos municipal. Os vehículos máis antigos e contaminantes estarán así excluídos do tráfico.

Fonte: Ecoticias

Sogama repartiu 7.400 compostadores

Sogama repartiu, no marco do seu programa de compostaxe doméstica, preto de 7.400 compostadores entres 230 entidades de distintos puntos de Galicia (140 concellos, 78 centros educativos e 12 colectivos sociais).

Dentro deste programa tamén hai unha fase de formación previa dirixida aos veciños e que leva a cabo a través de cursos impartidos por especialistas. Así mesmo, encárgase de editar o material divulgativo necesario para que os usuarios conten con elementos de apoio na súa tarefa diaria.

O obxectivo deste programa é axudar aos concellos a que se beneficien das múltiples vantaxes que reporta o autocompostaxe: contribúe a reducir a frecuencia de recollida e transporte do lixo minorando así as emisións de CO_2, e ao xestionar os restos orgánicos nos propios fogares, entregan menos toneladas a Sogama, o que se traduce nunha diminución do importe da factura a pagar.

Fonte: Ecoticias

Axenda Ambiental

- 17/01/2018 – 21/01/2018 Feira Internacional de Turismo. FITUR 2018, Madrid.
- Ata 28 de Febreiro EXPONATURE: A natureza en cor. CENEAM, Segovia.